**Proxecto cofinanciado por:**

# TALLERES DE DEMOSTRACIÓN DO USO DAS TIC'S PARA A INFORMACIÓN E A ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA.

"APRENDER A APRENDER"

# Índice

1.Introdución ........................................................................3

2.Uvigo ................................................................................5

2.1.Que tes que facer para entrar na Uvigo? ...............................6

2.2.Que estudar?.......................................................................7

2.3.Servizos e recursos da comunidade universitaria ....................8

2.4.Cales son os órganos de goberno da Uvigo? .........................12

2.5.Investigación en Uvigo. ........................................................13

2.6.Os Campus de Ourense e Pontevedra ....................................14

2.7.A Uvigo virtual.....................................................................15

# 1. Introdución

Vivimos na sociedade da información, e as TIC´s convertéronse na nosa principal ferramenta de aprendizaxe, acceso ao entretemento e busca de información.

As Universidades non permanecen alleas ao uso cotía que a mocidade fai de Internet, e por iso están presentes na rede, a través das súas webs e con espazos propios nas redes sociais.

O obxecto destes manuais é ofrecervos unha visión dos servizos das universidades de Galicia e Norte de Portugal (UDC, USC, UVigo, UP, UMinho, e UTAD) e espertar o voso interese cara os seus contidos.

Asemade, podes visitar a web do CEER, Fundación Centro de Estudios Eurorrexionais, ou seguir os seus perfís en Facebook e Twitter, onde publican e manteñen información actualizada sobre actividades, ofertas de emprego, bolsas das seis universidades…

Subscríbete ao seu boletín de novas e comparte os seus perfís nas redes sociais para que a información chegue a ti. Tamén podes consultar a súa páxina [www.fceer.org](http://www.fceer.org)




**Coñece as carreiras que podes estudar, os recursos e servizos, o profesorado, as saídas profesionais… de cada universidade, bota un ollo ao seu funcionamento.**

# 2. Uvigo

Imos comezar a visita virtual á web de Uvigo (Universidade de Vigo).

O seu enderezo é [http://www.uvigo.es/](http://www.uvigo.es/)



## 2.1. Que tes que facer para entrar na Uvigo?




Aquí podedes consultar todo o referente ás probas que tendes que superar para entrar na universidade, como financiar os estudos ou os premos aos que podedes optar.

Asemade a Uvigo dispón dun **gabinete psicopedagóxico** ao que podedes acudir se precisades un empurrón para superar os obstáculos e sentirvos mellor.

## 2.2. Que estudar?




**Estudos e titulacións**




Estudos impartidos Uvigo

**Queres saber que podes estudar na Uvigo?**
Consulta as titulacións, o seu programa académico, saídas profesionais…

## 2.3. Servizos e recursos da comunidade universitaria




❖ Biblioteca

Nesta área non só podedes consultar o catálogo da biblioteca da universidade senón que tamén tedes acceso a todos os recursos electrónicos do Sistema Universitario de Galicia, a bases de datos ou Pórtico (permite a busca simúltanea en varias webs).



## ❖ Deportes, Cultura e Participación

Actividades extraescolares nas que podedes participar: torneos, competicións deportivas, concursos, exposición… Ademais tedes cumplida información sobre actividades programadas desde outras entidades (Concello, Deputación…)

Podedes apuntarvos e/ou inscribirvos a través da propia web.



## ❖ Mobilidade

Queredes facer parte dos vosos estudos noutra universidade? Aquí tedes cumplida información sobre bolsas, lexislación, programas como o Erasmus (estadías no estranxeiro)…




## ❖ Practicas en empresas e institucións, bolsas, emprego…

Se queredes facer prácticas en empresas, queredes consultar aquelas que oferta a universidade ou nun futuro vos gustaría montar a vosa propia empresa podedes chuzar aquí Fundación Universidade de Vigo.

Asemade, Uvigo conta cunha Oficina de Orientación ao Emprego que vos orientan de cara a realizar o voso currículo e enfrontarse a unha entrevista de traballo. Tamén vos botan unha man cos trámites para irse ao estranxeiro.




## ❖ Saúde

O Campus de Vigo conta con persoal sanitario. Asemade poñen a vosa disposición diferentes programas como o destinado as persoas que queiran deixar de fumar.

## ❖ Comedores e aloxamento

Nesta área atoparedes información sobre os comedores e residencias da Uvigo. Se queredes comer ben e a prezos económicos non deixedes de consultar esta sección.

## 2.4. Cales son os órganos de goberno da Uvigo?

**Organización institucional**



## 2.5. Investigación en Uvigo.

A universidade non só é un espazo para estudar senón que tamén se investiga sobre moi diversos temas relacionados, entre outros, co mar, a robótica ou as tecnoloxías da información.

Para levar a cabo este labor conta con centros especializados como a *Estación de Ciencias Marinas de Toralla*, onde estudan os animais e plantas mariñas ou o *Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética* especializado no aforro de enerxía para que non perxudiquemos tanto ao medio ambiente.



## 2.6. Os Campus de Ourense e Pontevedra

A Uvigo está composta por 3 campus: o de Vigo, o de Ourense e o de Pontevedra. Estes dous últimos con web propia onde podedes atopar tanto información académica como sobre actividades de ocio, cultura, deporte…



# 2.7. A Uvigo virtual




## ❖ Automatrícula

Para que poidas facer a matrícula sen agardar cola.

## ❖ Teledocencia

O Servizo **Faitic** permítevos descargar os apuntamentos das materias ou acceder a recursos e-learning:

- Portais (p ex: E-learning Europa especializado no uso das TIC para mellorar o aprendizaxe),

- Publicación electrónicas (p ex: Revista de Universidad y Sociedad del Conocimiento)

- Plataformas de teleformación (p ex: Moodle empregado para a xestión de cursos online).




## ❖ Uvigo Tv

Esta é a canle televisiva de Uvigo. Con programación en directo e a posibilidade de descargar a través de Itunes clases, debates, conferencias, deportes e máis contido relacionado coa universidade.

## ❖ Duvi

A Uvigo conta cun xornal propio: Duvi no que teñen cabida as novas máis destacadas da universidade. Conta ademais con seccións de cultura, opinión, deportes ou axenda.

## ❖ Senduvida

Senduvida é un espazo no que opinar e intercambiar ideas. Ademais podes enterarte do que sucede na universidade e as actividades e eventos que se vaian a celebrar.

## ❖ Rede Wireless

A Uvigo ten implantado unha rede sen fios segura en todos os campus. Así que xa sabes, podes levar o portátil e conectarte.